

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - [Dimensión 2. Recursos](#)
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - [Dimensión 3. Resultados](#)
 - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

Grao en Lingua e Literatura inglesas

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura inglesas
Mencións/Especialidades	**Mencións/Especialidades**
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	15/09/2017
Data renovación acreditación	22/06/2009

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se especifica tanto no [Autoinforme de Renovación de la Acreditación del Grado en Lengua e Literatura Inglesas 2021-2022](#) (p. 4), como na [Memoria de Verificación](#) vixente do título (Apartado 2, “Justificación, adecuación de la propuesta y procedimientos”, p. 5; y Apartado 2: Anexo 1 (p. 299): pp. 1-11), esta titulación segue respondendo ás demandas da sociedade no momento actual no que a lingua inglesa segue a utilizarse como lingua franca ou internacional nos máis diversos ámbitos da realidade. Esta situación xustifica a pertinencia dunha titulación que dota aos estudantes non só das destrezas necesarias para a comunicación fluída en lingua inglesa, senón tamén dun coñecemento extenso nos aspectos filolóxicos, lingüísticos, literarios e culturais asociados a esta lingua e ás sociedades que a manexan. A titulación fomenta deste xeito a comunicación transcultural, contribuíndo ademais á potenciación de valores de convivencia e tolerancia que permitan a apreciación da diversidade como un ben común e enriquecedor da sociedade. Proba desta actualización constante é a evolución dos contidos dalgunhas materias para dar entrada aos fenómenos lingüísticos, culturais e literarios actuais, e se constata ademais no interese manifestado polo estudantado nestes aspectos na súa selección de temas para os seus TFG (Traballo de Fin de Grao). A maioría das universidades españolas contan con titulacións semellantes, feito que avala a relevancia da titulación. Dentro do ámbito dos estudos de filoloxía no SUG e máis concretamente na Universidade de Santiago de Compostela, segue a ser a titulación máis popular entre o estudantado, como proban os seguintes datos de matrícula:

EVOLUCIÓN DOS DATOS DE MATRÍCULA

A evolución dos datos relativos á matrícula nos últimos seis anos segue a confirmar o interese do estudantado pola titulación:

-O **número de prazas ofertadas** mantense estable desde o curso 2011-2012, cando se estableceu unha limitación na oferta de 100 prazas (IN01G) que se renova anualmente (v. [Autoinforme de seguimiento GLLI 2010-2011](#) (pp. 16, 19) e [Autoinforme de seguimiento GLLI 2011-2012](#) (p. 16).

-A **matrícula** mantívose tamén estable no curso 2023-2024 aínda que se volveu apreciar un pequeno descenso, pasando das 462 matriculas en 2022-2023 a 459 en 2023-2024, un descenso que se aprecia dende o curso 2020-2021, cando se rexistraron 490 matriculas (IN02G). Este descenso non resulta significativo e, de feito, este dato parece corroborar a tendencia á estabilización no número de matriculas como se leva suxerindo desde que se elaborou o [Autoinforme de seguimiento GLLI 2018-2019](#) (p. 4), o que indica a existencia de certo equilibrio na relación entre o número de estudantes que acceden cada ano á titulación e o número de estudantes que cada ano conseguen terminar os seus estudos coa consecución do seu título. Neste sentido, a recuperación da taxa de graduación que en 2023-2024 se situou no 62,24% moi preto do 63,53 % de 2022-2023 e do 65,88% de 2021-2022 e mellorando o 60,64% dos tres cursos anteriores (IN37G) parece corroborar esta reflexión.

-Como no caso do curso anterior, a **matrícula de acceso** mantense estable, descendendo de xeito escasamente significativo no curso 2023-2024, pasando de 112 en 2022-2023 a 108 (IN03G). En contraste, a **matrícula de novo ingreso por preinscripción** mantense no curso 2023-2024 nos 106 do curso 2022-2023 (IN04G). Como xa se analizou no [Autoinforme de renovación de la acreditación GLLI](#)

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2021-2022 estes datos confirman a tendencia á estabilización no número de matriculados e a consolidación do interese pola titulación.

-Como efecto dos indicadores anteriores, a **relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas**, descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior: a relación pasou así de 97% en 2022-2023 a 95% en 2023-2024 (IN10G).

-Como xa ocorrera no curso 2022-2023, a **taxa de ocupación** chegou de novo ao 100% e volveu a superar esta marca situándose no 106% (IN12G).

-A **porcentaxe de estudantes estranxeiros** mantense relativamente estable con respecto aos cursos anteriores, pasando de 2,60% en 2022-2023 a 2,40% en 2023-2024 (IN08G), superando o 2,13% rexistrado en 2018-2019, ano anterior ao importante descenso provocado pola alerta sanitaria.

- De xeito similar, e en contraste co curso 2021-2022, a **porcentaxe de estudantes procedentes de fora de Galicia** ascendeu considerablemente, pasando de 1,70% en 2018-2019 a 1,96 en 2022-2023, rompendo así drasticamente a tendencia descendente dos últimos anos (IN09G).

- Con respecto á **porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a través de programas de mobilidade sobre o total de matriculados**, obsérvase un importante aumento con respecto a cursos anteriores: no curso 2022-2023 esta porcentaxe foi de 7,36%, semellante 8,65% de 2021-2022 que contrastaba co dato do curso 2020-2021 cando esta porcentaxe se situara nun 1,63% fronte ao 5,74% de 2019-2020. No curso 2023-2024, este dato aumenta a un significativo 10,68%.

- Como xa se constatou nos *Informes de seguimento* de cursos anteriores, a **capacidade de captación de alumnado** da titulación na comunidade autónoma segue sendo indiscutible se temos en conta que un número importante dos matriculados de novo ingreso proceden de áreas de influencia doutras universidades que ofrecen titulacións semellantes. De acordo co informe da CIUG, dos 107 estudantes de novo ingreso procedentes da comunidade matriculados na cota xeral, 10 son de la provincia de Ourense e 31 da provincia de Pontevedra, 10 son da provincia de Lugo e 53 son da provincia de A Coruña. Ademais, recibíronse 3 estudantes de países da Unión Europea.

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

En xeral, os resultados das enquisas de satisfacción dos egresados parecen constatar a adecuación do perfil formativo. Ofrécese unha análise máis detallada destes resultados no apartado 7.2 deste autoinforme para evitar a reiteración de información.

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: DATOS DE INSERCIÓN LABORAL

Soamente o 9% das e dos egresados traballa por conta allea, 45,4% están a facer un mestrado e un 36,3% está a facer outro grao, deixando a un 9% noutras situacións. O 81% destes egresados que están a complementar os seus estudos o está a facer na propia USC, mentres que todas e todos aqueles que están a traballar levan menos de 3 meses no posto de traballo.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

OFERTA DE MÓDULOS, MATERIAS, ASIGNATURAS

Como consecuencia da AM-01 da Curso 2023-2024 do *Plan de melloras resultante do Informe provisional de avaliación para la renovación de la acreditación del título de graduado o graduada en lengua y literatura inglesas-usc* con fecha 30 de octubre de 2023 (Aprobado por la Comisión de Calidad de Centro el 21 de noviembre de 2023) solicitouse a incorporación destas modificación que xa foran debidamente aprobadas na Memoria verificada (GLLI_E2_Plan de melloras resultante do Informe provisional de avaliación para la renovación de la acreditación GLLI_2022-2023). Os cambios substanciais e non substanciais propostos polo Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá foron aceptadas na súa totalidade e incorporadas ao novo modelo de memoria do título para a súa implantación no curso 2025-2026.

TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Como se ven constatando en todos os *Informes de seguimiento* do GLLI e no [Autoinforme de renovación da acreditación 2021-2022](#) a implantación das titorías programadas segue a constituír un problema organizativo en parte debido a que non son recoñecidas como actividade docente plena no POD.

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

Como se pode comprobar consultando os [Programas de las materias](#), as actividades académicas, así como as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación vixentes, buscan garantir a consecución das competencias (básicas, xerais e específicas) da titulación referidas no Apartado 3 da [Memoria de Verificación](#) (pp. 5-6).

Como se indicou anteriormente, o estudantado amosa un incremento na porcentaxe relacionada coa satisfacción coa docencia recibida, situándose para o curso 2023-2024 no 4,04 con respecto ao 3,89 do curso 2022-2023. O ítem **“Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”** obtivo un 4,27 fronte ao 4,10 do informe correspondente a 2022-2023. O ítem **“Cumpre co programa e o plan de traballo previsto”** pasou de ser valorado cun 4,24 en 2022-2023 a obter a valoración de 4,39 en 2023-2024. Similar foi a evolución do aspecto **“Os contidos desenvóléronse de acordo co cronograma temporal da materia”**, que pasou de ser valorado cun 4,15 en 2022-2023 a obter a valoración de 4,27 en 2023-2024, e do aspecto **“Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”** que pasou de obter a valoración de 3,81 en 2022-2023 a 4,03 en 2023-2024. Destes catro ítems, os tres primeiros figuran entre os mellor valorados polo alumnado, o que corrobora o alto nivel de cumprimento da programación docente e a evolución en positivo destes ítems con respecto ao curso anterior.

SATISFACCIÓN COA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS, OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

No Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación correspondente ao curso 2022-2023 rexístrase unha mellora considerable nos resultados da maioría dos ítems con respecto ao curso 2021-2022, entre eles o grao de satisfacción xeral coa titulación que pasou de 3,22 en 2022-2023 a 3,23 en 2023-2024 superando amplamente o descenso rexistrado en 2021-2022, cando este valor fora de 2,33. Descendeu a valoración á calidade dos recursos educativos, que pasa a ser de 3,30 fronte o 3,46 do curso anterior, aínda que aumenta a valoración do Campus Virtual, que pasa do 3,68 do curso anterior ao 3,86 deste. En xeral, a carga de traballo e a súa distribución mantense estable con respecto ao curso anterior nun 2,53, e aumenta significativamente a valoración do calendario de probas de avaliación, que chega a un 3,17 fronte ao 2,49 do curso anterior. Mantense tamén estable a valoración do equilibrio entre contidos teóricos e prácticos, que se mantén nun 2,88.

No caso do profesorado, o grao de satisfacción coa docencia impartida mantense estable no 4,23 para o curso 2023-2024, con respecto ao 4,24 do curso 2022-2023. Neste sentido, considérase que aumentou a participación do estudantado até o 3,78, dende o 3,67 do curso anterior, así como o material e servizos da facultade, que se coloca nun 4,31 fronte o 4,28 do curso anterior. Tamén aumenta a estimación da coordinación entre diferentes materias a un 3,99 fronte ao 3,88 do curso anterior.

No punto 7.2 deste informe aparece información máis detallada tanto dos resultados das enquisas de satisfacción docente do estudantado como do profesorado.

PRÁCTICAS EXTERNAS

Grao en Lingua e Literatura inglesas

A Facultade de Filoloxía segue a fomentar este aspecto formativo, como xa se ten manifestado en diversos Autoinformes de seguimento anteriores e no *Autoinforme de renovación de la acreditación 2021-2022* (p. 19-20). A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións aumentou de xeito exponencial no curso 2023-2024, situándose nun 11,90, moi por enriba do 6,58 do curso 2022-2023 e tamén por riba dos datos anteriores á situación de alerta sanitaria (5,56 para o curso 2018-2019).

Para evitar a repetición de información, unha análise máis detallada dos resultados das enquisas referidas ás prácticas externas ofrécese no apartado 7.2 deste autoinforme.

TAMAÑO DOS GRUPOS

No contexto das materias FB e OB a media de alumnos por grupo expositivo en 2023-2024 foi de 58,76, moderadamente máis alta que a media de 2022-2023 que foi 57,61. No contexto das materias optativas a media de alumnos por grupo expositivo foi en 2023-2024 27,31, de novo máis baixa que a do curso 2022-2023, que foi 30,42. A media de alumnos por grupo expositivo nas materias FB e OB do GLLI é a máis alta da Facultade de Filoloxía, aínda que nas materias optativas a media se sitúa xusto nunha posición intermedia.

A media de alumnos por grupo interactivo sitúase no curso 2023-2024 no 25,06, fronte ao 25,77 do curso 2022-2023, sendo a máis baixa no histórico de datos facilitados.

PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Un total de 30 estudantes do GLLI participaron no programa de mobilidade ERASMUS durante o curso 2023-2024, 3 menos que durante o curso 2022-2023 segundo os datos facilitados. Desde o Departamento de filoloxía inglesa e alemá continúa animando ao PDI da área de inglés a intentar abrir novos intercambios ERASMUS con universidades doutros países europeos de fala inglesa, como así se fixo cos novos acordos co University College Dublin e o Trinity College Dublin. Os estudantes participantes no programa ERASMUS en 2022-2023 repartíronse entre universidades de un total de nove países europeos (5 en Italia, 3 en Francia, 4 en Polonia, 1 en Romanía, 1 en Austria, 5 en Irlanda, 6 no Reino Unido, 1 en Noruega e 3 en Alemaña).

No curso 2023-2024 os motivos que levaron ao alumnado do GLLI a participar en programas de mobilidade foron principalmente a busca dunha experiencia distinta, o interese por coñecer outros países ou comunidades e a posibilidade de mellorar o currículo.

Por outro lado, soamente un 6,67% do PDI do GLLI participou nun programa de mobilidade, sendo a porcentaxe máis baixa da facultade, aínda que maior que a do curso 2022-2023, que foi un ínfimo 2,86%. Aínda que esta porcentaxe mellorou, habería que seguir promocionando o programa Erasmus + para PDI e outros programas de mobilidade entre o profesorado do GLLI.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Lingua e Literatura Inglesas da USC conta con diversos mecanismos de coordinación docente que se estruturan seguindo as directrices estipuladas na [Memoria de Verificación](#) (Apartado 5, Anexo 1, Apartado E: Mecanismos de coordinación docente). Tal coordinación artúclase arredor dos seguintes cargos e comisións: coordinación de materias, coordinación de cursos, coordinación do GLLI, Comisión Académica do GLLI, Comisión de TFG e Comisión de Calidade do Centro.

Con data do 23/09/2022, a CA do GLLI aprobou un [Protocolo de coordinación](#) que define os labores de coordinación dos representantes do alumnado, dos coordinadores de materias, dos coordinadores de curso e do coordinador da titulación (GLLI_E4_Protocolo de coordinación Graos_2022-2023).

COORDINACIÓN DO PDI DE CADA MATERIA

Cada materia cuxa docencia está asignada a máis dun profesor/a conta cun/ha coordinador/a encargado/a de velar pola homoxeneidade da programación, avaliación e metodoloxía na docencia da materia, e o reparto das distintas actividades docentes entre o persoal asignado. Os programas deste tipo de materias especifican claramente cal é o profesor encargado de levar a cabo esta coordinación ([Programas das materias](#)). No curso 2023-2024 mantivéronse os compromisos vertidos nos primeiros *Informes de Seguimento do Grao en Lingua e Literatura Inglesas*, referentes aos intentos de limitar o número de profesores a cargo de cada materia, intentando na medida do posible que cada profesor dun grupo expositivo teña asignados os grupos interactivos correspondentes a ese grupo expositivo salvo nalgúns materias básicas nas que polo elevado número de alumnos matriculados e/ou pola necesaria implicación de profesores falantes nativos se considera necesaria a participación dun número maior de profesores (*Informe de seguimiento* 2011-2012 (p. 19); *Informe de seguimiento* 2012-2013 (p. 19)). No curso 2023-2024, tres materias de lingua instrumental tiveron asignados máis de 4 profesores polos motivos expostos máis arriba: *Lingua Inglesa 1* (5 profesores), *Lingua inglesa 2* (4 profesores) e *Lingua inglesa 3* (4 profesores).

COORDINACIÓN ENTRE DISTINTAS MATERIAS E NIVEIS

O Grao en Lingua e Literatura Inglesas conta con catro coordinadores de curso asignados a cada un dos cursos nos que está dividido o plan de estudos. Cada un destes coordinadores xunto co coordinador do título como membros da Comisión Académica do GLLI encárgase anualmente da revisión dos programas propostos para cada unha das materias do seu curso, coidando así de que os obxectivos, metodoloxías, contidos e sistemas de avaliación sexan axeitados tal e como establece o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC](#) por acordo do Consello de Goberno do 28-10-2022. Despois desta revisión inicial da programación e tras ser solventados os erros detectados, os programas finalmente son aprobados en Xunta de Facultade. Os coordinadores de curso encárganse ademais de cuestións puntuais que poidan afectar á coordinación horizontal das materias, tales como posibles casos de solicitude de modificación de horarios por solapamentos de materias debidos a axustes na distribución de grupos, etc. Finalmente, como membros da Comisión Académica do Título de Grao en Lingua e Literatura Inglesas, estes coordinadores realizan os labores que como tales lles son encomendados. Os traballos de coordinación quedan reflexados nas actas das reunións da CA do GLLI (GLLI_E5_ACTAS CA DO GLLI_2022-2023).

Ademais da revisión anual da programación das materias levada a cabo polos membros da CA do GLLI, xeralmente os coordinadores e os profesores de cada materia se encargan de contrastar os contidos da súa materia cos contidos doutras materias da mesma subárea de coñecemento para evitar baleiros e duplicidades. Aínda así, dado que a realización deste labor de coordinación vertical complementario ao labor de coordinación da CA do GLLI non estaba sistematizada, considerouse oportuno propoñer unha nova Acción de mellora co obxectivo de sistematizar este tipo de coordinación vertical por subáreas (AM-04, Curso 2022-2023) asociada ao Autoinforme de renovación da acreditación do GLLI 2021-2022. Esta acción de mellora implementouse no curso 2023-2024.

O informe da enquisa de satisfacción coa docencia impartida amosa resultados favorables e tendentes á estabilidade en 2023-2024 con respecto á **coordinación de distintas materias e niveis**: no curso 2022-2023 este valor situouse no 3,88, moi similar ao dato de 2021-2022 que fora 3,91, mentres que no curso avaliado, 2023-2024, esta valoración aumenta até o 3,99. Tamén se observa unha valoración positiva da **coordinación dos docentes na organización do título** manifestada no informe da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación: 3,81, moi similar ao valor acadado en 2022-2023 (3,80).

COORDINACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Como ven sendo habitual desde que se puxera en marcha no curso 2016-2017, a Comisión de prácticas externas na Facultade de

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Filoloxía é a encargada, entre outras tarefas, de coordinar aqueles aspectos relacionados con este tipo de actividade. Co obxecto de mellorar todo o proceso asociado á realización de prácticas externas, durante o curso 2022-2023 esta comisión encargouse de coordinar:

- a elaboración do calendario e a convocatoria de prácticas externas;
- a supervisión do desenvolvemento do proceso de selección de estudantes e a súa asignación de prácticas externas;
- renovación da oferta de prácticas externas;
- a elaboración de fichas sobre os procesos formativos ofrecidos por cada empresa colaboradora;
- a elaboración dun modelo de memoria de prácticas a cubrir por cada alumno, un modelo de informe do titor profesional e un modelo de informe do titor académico.

O [itinerario das prácticas externas](#) para titores académicos, titores profesionais e alumnos elaborado por esta comisión serve para favorecer a coordinación dos distintos axentes implicados nas prácticas externas, xa que esta guía estipula e delimita con claridade as obrigas de cada axente, entre as que figuran manter un contacto entre eles.

Os datos dos Informes das enquisas de satisfacción relacionadas coas prácticas externas están analizados no CRITERIO 7.2.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PERFIL DE INGRESO

Os estudantes matriculados no GLLI compren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nos Apartados 4.1 e 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6; e Anexos: Apartado 3, pp. 26-27).

Houbo 343 solicitudes, das que foron admitidas 120, segundo o informe da CiUG. Destes, matriculáronse 107 estudantes, cunha nota de corte de 5,590. O 74% do estudantado matriculado foi muller no curso 2023-2024. O 95% deste estudantado matriculado accedeu a través do bacharelato e o restante 5% a través da FP. A nota media do estudantado de bacharelato foi un 9,761 e o de FP un 7,380. Para o 91,8% do estudantado matriculado, o noso grao foi a primeira opción, representando un total de 101 estudantes.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2023-2024.

Durante o curso 2023-2024 aprobáronse ou modificáronse as seguintes normativas:

-O [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela](#) aprobado por Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, foi derogado e substituído polo [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC](#) por acordo do Consello de Goberno do 28-10-2022.

-[Regulamento polo que se establecen as normas de convivencia na USC](#), aprobado polo Consello de goberno o 30/03/2023.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

-[Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado](#) aprobado polo Consello de goberno o 23/02/2023
-[Modificación do Regulamento de planificación académica](#), aprobada polo Consello de goberno o 23/02/2023.
-Resolución Reitoral sobre o recoñecemento dos niveis de coñecemento de idioma estranxeiro que se acadan cursadas certas titulacións na USC 02/03/2023.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese. Desde a páxina web da USC accédese á páxina web da Facultade de Filoloxía, onde, como se deixou constancia por extenso no Autoinforme de renovación de la acreditación del GLLI 2021-2022 (p. 42-44) se pode atopar información diversa sobre os estudos e servizos ofertados polo centro.

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e na da USC. Para evitar a saturación de información, durante o curso 2022-2023 desde o decanato aprobouse a iniciativa de recoller toda a información nun boletín que se envía semanalmente aos grupos de interese da Facultade. Esta iniciativa continuou levándose a cabo para o curso 2023-2024.

A causa da mudanza na coordinación do GLLI durante o curso 2023-2024, a aula virtual de coordinación está aínda en construción, aínda que subiuse información relevante para o estudiantado e púxose en coñecemento dos distintos grupos de interese información variada sobre tfg, enquisas, empregabilidade, sesións informativas, obradoiros, etc.

A satisfacción coa información dispoñible sobre a titulación manifestada polos estudantes na enquisa de satisfacción coa titulación mellorou moi considerablemente con respecto ao curso anterior pasando de 2,00 en 2021-2022 a 3,41 deste curso 2023-2024. Os esforzos investidos pola facultade na orientación profesional e laboral parece que está a ter resultados xa que a puntuación, un 2,90, é a maior dos catro últimos cursos que acada este ítem. Dende o profesorado, aínda que a valoración sobre a información axeitada sobre a titulación é alta, un 4,25, este valor é o menor dos últimos 4 anos, dende onde se aprecia unha lixeira baixada neste ítem.

O informe sobre a enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade refírese ao conxunto da Facultade. O informe constata que a valoración da información dispoñible na web da USC (2,75) descendeu con respecto ao curso anterior (3,50), situándose no valor máis baixo de toda a enquisa e por debaixo da media da USC. A valoración da información sobre as validacións foi de 3,25, tamén inferior ao do curso pasado.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2023-2024, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguiron levándose a cabo como se fixera habitualmente.

As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (v. actas correspondentes). A composición de todas as [comisións](#) mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando.

Como ven sendo habitual, desde a Facultade realizáronse catro enquisas de elaboración propia:

- Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade.
- Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral.
- Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus entrante na Facultade de Filoloxía.
- Análise de diversos aspectos no ámbito da mobilidade Erasmus saínte na Facultade de Filoloxía.

O centro procurou contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, correos, a lista de distribución do profesorado, publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos. Aínda que dende esta coordinación se considera que o elemento chave para o aumento da participación exponencial este curso 2023-2024 da participación do estudantado nestas enquisas foi o feito que o moito do profesorado, animado tanto dende o Decanato como dende a coordinación do GLLI, destinou 10 minutos das súas clases á realización na aula destas enquisas a través dos dispositivos móbiles do estudantado.

Como xa se fixera en cursos anteriores a coordinación do título utilizou con frecuencia a aula virtual de coordinación para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudantado implicado na docencia/discencia do título. Desde o GLLI utilizouse a aula virtual de coordinación principalmente para:

- animar aos estudantes a participar nas enquisas de satisfacción,
- transmitir información sobre as diversas sesións de orientación celebradas no centro,
- transmitir información sobre os cursos de formación para realización de TFG, empregabilidade etc. ofrecidos polo centro,

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- transmitir información sobre o proceso do TFG,
- comunicación de información sobre intercambios e lectorados.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvólvense consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante este curso 2023-2024 decidiuse retomar os labores para preparar a acreditación institucional seguindo os procedementos do [Manual de procesos da Facultade de Filoloxía](#) y do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade \(4º ed.\)](#) elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 ([Acta da CCC, 27-02-2020](#)), aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno 30/09/2020. Deste xeito, decidiuse dar continuación ao traballo levado a cabo en cursos anteriores, sobre todo no curso 2022-2023, cando as titulacións de grao adscritas á Facultade levaron a cabo as distintas fases do proceso de renovación da acreditación seguindo o calendario establecido pola USC e a ACSUG. Todos os informes de renovación da acreditación foron aprobados o 11/05/2023 na Comisión de Calidade do Centro. A visita da comisión avaliadora tivo lugar os días 21 e 22 de xuño de 2023.

Durante o curso 2023-2024 levouse a cabo un importante traballo de coordinación dende o GLLI para decidir as modificacións substanciais e non substanciais que se implementarían no novo modelo de memoria do título. Estas modificacións substanciais e non substanciais leváronse ao Consello de Goberno a principios do curso 2024-2025 e aprobáronse na súa totalidade.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma. A Memoria de Centro e o Plan de melloras do centro foron aprobados pola CCC na reunión do 11-05-2013. A Memoria foi modificada seguindo as indicacións da ACSUG e aprobada pola CCC o 17-07-2023.

Como se indica máis arriba, a principios do curso 2023-2024 despois de interromper durante o curso anterior o traballo para o axuste da documentación do centro co obxectivo de acadar a acreditación institucional, a Comisión de Calidade do Centro decidiu retomar o proceso, que se poría en marcha durante o curso 2024-2025.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Durante o curso 2022-2023 a CCC abriu un proceso de reflexión sobre unha posible reforma da oferta curricular, como se pode constatar na acta da reunión desta comisión celebrada o 01-02-2023. Tal proceso continúa activo, despois de ter rematada unha primeira fase que afectou só as modificacións non-substanciais durante o curso 2023-2024 e o esbozo das modificacións substanciais, ambas propostas levadas a Consello de Goberno a principios do curso 2024-2025 e aprobadas na súa totalidade.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como levamos indicando nos Informes de seguimento de cursos anteriores, debido á complexidade das modalidades de estudos ofertadas pola Facultade de Filoloxía, o cómputo do profesorado implicado na docencia do GLLI resulta especialmente complexo, dado que na titulación participan un elevado número de profesores de materias básicas, complementarias ou optativas da modalidade Minor que son impartidas como materias do Maior doutras titulacións, e profesores de materias básicas transversais que son impartidas en todas as titulacións do centro, como foi explicado detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (pp.10-11 e 30-32). Froito da reflexión contida neste documento foi a conclusión de que resulta máis axeitado concentrarnos na análise dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, xa que eles imparten maioritariamente as materias do Maior do GLLI.

No documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 30 docentes, 5 menos que no curso anterior. Destes 30, 5 son catedráticas/os, 11 titulares, 3 contratado/as doutor, 3 axudante doutor, 3 lectoras/es, 1 profesora interina, 3 predoutorais, e 1 postdoutoral.

Algúns destes profesores teñen docencia asignada noutros graos e facultades da USC. Como conclusión, podemos manter que este número de profesores é axeitado para o encargo docente, e, a pesar das xubilacións producidas desde a elaboración da *Memoria de Verificación* e grazas á contratación de novo persoal, o número total de PDI acércase aos números suxeridos neste documento, onde se falaba de 34 profesores da área de Filoloxía Inglesa (29 profesores e 5 lectores) para levar a cabo os labores docentes do GLLI. Debido á peculiaridade das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, non contamos con indicadores da ratio de estudantes por profesor, xa que o medio de cómputo deste indicador resultaba inadecuado para estas titulacións. As contratacións de profesorado destes últimos anos contribuíron a relaxar lixeiramente a carga docente do PDI resultante de varios anos seguidos de xubilacións sen reposición de persoal e a reducir o avellentamento do cadro de persoal.

EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DO PDI

No curso 2023-2024 todos os indicadores referentes a experiencia docente e investigadora descenderon:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- **Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total:** sitúase nun 90,91 para o curso 2023-2024 en relación ao 93,02 do curso 2022-2023.
- **Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total:** sitúase no 85,71 para o curso 2023-2024 en relación ao 86,92 do curso 2022-2023.
- **Porcentaxe do PDI funcionario sobre o PDI total:** sitúase no 66,07 para o curso 2023-2024 en relación ao 71,03 do curso 2022-2023.

Estes valores están calculados sobre o PDI total da titulación, é dicir, incluíndo aos profesores de materias transversais, básicas, complementarias e optativas do Minor que non pertencen ao Maior do GLLI. O valor que recolle o ítem sobre porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total é de 90,91, lixeiramente inferior que o valor do curso anterior pero maior que o de cursos anteriores. Isto significa que o profesorado do GLLI acumula un total de 99 quinquenios e 48 sexenios durante o curso 2023-2024. Estes datos certifican a elevada experiencia docente e investigadora do PDI encargado das materias do Maior do GLLI e optativas de especialización.

Como conclusión, estes resultados referentes á experiencia docente e investigadora do PDI a cargo da docencia do GLLI son, en xeral, positivos, especialmente se prestamos atención ao PDI encargado da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa, e melloran os datos expostos na *Memoria de Verificación*. Sen embargo, a evolución positiva destes datos tamén confirma o progresivo avellentamento do cadro de persoal, que no curso 2023-2024 veuse lixeiramente ralentizado tras as novas contratacións e a estabilización das anteriores figuras de acordo coa nova lei.

PDI ENCARGADO DA DOCENCIA DE MATERIAS DO PRIMEIRO CURSO

O persoal académico asignado a materias da área de Filoloxía Inglesa do primeiro curso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas encárgase da docencia de catro materias:

- no curso 2023-2024 *Lingua inglesa 1* foi impartida por 3 lectores, 1 profesor interino e 1 axudante doutor con ningún quinquenio de experiencia docente nin sexenio de investigación;
- no curso 2023-2024 *Lingua inglesa 2* foi impartida por 2 lectores, e 2 titulares con 11 quinquenios de docencia e 2 sexenios de investigación;
- no curso 2023-2024 *Historia e cultura dos países de fala inglesa* foi impartida por 1 profesor titular con 5 quinquenios de docencia e 1 sexenio de investigación, e un profesor contratado doutor con 5 quinquenios de docencia e 1 sexenio de investigación;
- no curso 2023-2024 *Introdución á literatura inglesa* foi impartida por 1 titular, 1 contratada doutora e 1 predoutoral, sumando un total de 6 quinquenios e 5 sexenios.

Como se argumentou no CRITERIO 1.3, as materias *Lingua inglesa 1* e *Lingua inglesa 2* contan cun elevado número de grupos interactivos de laboratorio, o que obriga á intervención dun abundante número de profesores. En ambas materias as sesións interactivas centradas nas destrezas de produción oral e escrita como mínimo son impartidas por lectores.

PDI ENCARGADO DA DOCENCIA DA MATERIA TFG

Dado que todo o PDI con docencia nas materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación e parte do PDI con docencia en materias básicas das áreas transversais está involucrado na dirección de TFG do GLLI debido ao elevado número de traballos matriculados, pódese considerar que a reflexión anterior acerca da experiencia docente e investigadora de estes sectores do PDI da Facultade de Filoloxía é aplicable ao PDI encargado da materia TFG e suficiente para xustificar a idoneidade deste PDI para levar a cabo a dirección de TFG. Simplemente resulta oportuno aclarar que como se recolle nas actas das reunións da CA do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, e da Comisión de TFG, cada ano o PDI encargado de materias de maior e da especialidade do GLLI ofrece a dirección dun número determinado de TFG (calculado en base aos TFG que lles foron asignados a cada docente nos dous cursos anteriores) dentro das liñas temáticas que cada docente considere oportuno en base ao seu perfil docente e investigador, oferta que é debidamente aprobada e feita pública pola Comisión de TFG da Facultade de Filoloxía. O perfil docente e investigador do profesorado pode ser consultado no apartado “Equipo docente” no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-inglesas>

PDI ENCARGADO DA TITORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Con respecto ás prácticas externas, o GLLI conta con 4 docentes que actúan como titores académicos dos programas de prácticas externas nas seguintes institucións: Centro Superior de Hostelería de Galicia, A casa das linguas, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia). Destes docentes 3 son profesores titulares y un é un profesor contratado doutor e suman un total de 22 quinquenios de docencia e 4 sexenios.

VALORACIÓN DO LABOR DOCENTE

Para evitar a repetición de información, ofrecerase unha análise detallada destes valores no apartado 7.2.

OFERTA DE FORMACIÓN DOCENTE

A USC conta cun programa propio de formación e innovación docente que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia con especial referencia a aspectos como as TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación, etc. A puntuación do profesorado á pregunta sobre o seu interese en recibir formación de apoio para a mellora da docencia aumentou a un 4,51, sendo o valor maior de todo o histórico o que implica que é necesario animar ao PDI a participar no programa de formación docente que ofrece a universidade sen que estas actividades de formación supoñan un menoscabo na dispoñibilidade horaria dedicada tanto á preparación da docencia nin nos seus labores investigadores.

INCORPORACIÓN DE PERSONAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

No curso 2023-2024 houbo 4 investigadoras/es pre e postdoutorais repartidas nas seguintes categorías: 1 predoutora da Xunta, 2 predoutorais do Ministerio e 1 postdoutoral. En total impartiron 112 horas de docencia en materias do GLLI. Este persoal está ademais integrado nos grupos de investigación asociados á área de Filoloxía inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá: *Lingüística aplicada a la enseñanza y el aprendizaje del inglés, traducción y diseño textual* ([Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual | Grupos de investigación - Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://www.usc.gal/grupos/4722/detalle)), *INDEX* ([spertus.es](https://www.usc.gal/grupos/4722/detalle)), *Variación, cambio lingüístico y gramaticalización* ([Variación, cambio lingüístico e gramaticalización | Grupos de investigación - Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://www.usc.gal/grupos/4722/detalle)), <http://www.usc-vlcg.es/>) y *Discurso e Identidade* (<https://investigacion.usc.gal/grupos/4722/detalle>, https://discursoeidentidade.com/?page_id=184).

ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA CELEBRADAS NA FACULTADE

Durante o curso 2023-2024 celebráronse numerosos eventos no ámbito do GLLI, que inclúen congresos e simposios, seminarios e conferencias, cursos e xornadas.

CONGRESOS E SIMPOSIOS

- Congreso Internacional "BrexLit: Writing the British Border in Times of Crisis". Máis información en: https://discursoeidentidade.com/?page_id=716
- Congreso internacional "Posthuman Intersections International Seminar".
- Congreso "13th International Conference on Chicano Literature and Latino Studies, "Pilgrims on the Way Towards New Multidisciplinary Encounters".
- Congreso internacional "What Is Asia?". Máis información en: https://discursoeidentidade.com/?page_id=7286
- *II Congreso Internacional de Aplicacións da lingüística de corpus na didáctica das linguas.*

SEMINARIOS E CONFERENCIAS

- Conferencia "Posthumanismo filosófico: de la crítica a la subjetividad canónica a la transhumanidad", impartida por Brais González Arribas (U de Vigo).
- Conferencia "Posthumanist Intimations: Landscape, Language and Identity" impartida por Dairena Ní.
- Conferencia do poeta irlandés Dylan Brennan.
- Conferencia de Urszula Niewiadomska-Flis, titulada "Tasting America: A Journey Through Food and Identity".
- Conferencia e obradoiro de Roy Alderton (University College London), "Salience and social meaning in production and perception of Standard Southern British English".
- Conferencia impartida pola profesora Urszula Niewiadomska-Flis. Universidade Xoan Pablo II de Lublin, Polonia, titulada "Tasting America: A Journey Through Food and Identity."
- Conferencia impartida polo profesor Grzegorz Drożdż, Institute of Linguistics of the University of Silesia (Poland), titulada "Modern English word-formation processes".

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- Conferencia impartida polo profesor Grzegorz Drożdż, Institute of Linguistics of the University of Silesia (Poland), titulada "Prefixation and suffixation".
- Seminarios de investigación organizados dentro da rede ELC (English Linguistics Circle):
 - [Tobias Ungerer](#) (Concordia University, Montreal): "Creative grammar: How speakers comprehend novel argument mappings" [46th ELC Research Seminar].
 - [Juana Marín Arrese](#) (Complutense University of Madrid): "Creativity, Critique and Persuasion in Political Cartoon Discourse: The BREXIT Saga" [45th ELC Research Seminar].
 - [Maria Pavesi](#) (University of Pavia): "A corpus perspective on spoken language in and across film dialogue" [44th ELC Research Seminar].
 - [Marisa Díez Arroyo](#) (University of Oviedo): "The pragmatics of advertising" [43rd ELC Research Seminar].
 - [Elena Seoane](#) (University of Vigo) & [Cristina Suárez-Gómez](#) (University of the Balearic Islands): "The changing linguistic landscape of Gibraltar: External and internal forces" [42nd ELC Research Seminar].

CURSOS E XORNADAS

- Organización da exposición "O Corpo Humano entre a antigüidade e o barroco: ciencia, arte e pensamento", Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela, 3 a 11 de setembro de 2024, así como o congreso internacional co mesmo título: <https://seminariocuerpo.wordpress.com/exposicion/>
- "En conversación con Martha Nussbaum", que pode visualizarse na súa totalidade na canle institucional de YouTube da USC: <https://www.youtube.com/watch?v=0Y9h14S1JSc>
- Obradoiro da conferenciante convidada Dra Ana Garrido González (Universidade de Varsovia), 2023 -2024 (12 meses) ao abeiro do proxecto "Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures".
- Obradoiro co conferenciante Rafael Argullol, titulada "Danza humana: En conversación con Rafael Argullol".
- Obradoiro "Novas formas de realización e expresión democrática", cos investigadores Gerald Raunig (UZurich) e Isabel Lorey (U Berlin).
- Mesa redonda "Capitalismo, arte e tecnoloxía" con Gerlad Raunig e Kike España.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro conta co persoal necesario e perfectamente cualificado para levar a cabo os seus labores. Como xa indicamos nos informes de anos anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Ao igual que en anos anteriores a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico.

OFERTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PAS

A taxa de participación da enquisa proporcionan os datos referidos á oferta de actividades formativas para o PAS foi do 54.54%. Neste sentido, todos os valores desta enquisa se sitúan entre o 7 e 8 sobre 10, sendo o 'número de alumnado axeitado' e as 'aulas e instalacións' os valores cunha puntuación máis alta (8,83 e 8,52 respectivamente), mentres que a 'información previa do curso' e o 'contido práctico' do mesmo recibiron as puntuacións menores (7,58 e 7,59 respectivamente). Con todo, parece obvio que o PAS síntese satisfeito de ter participado neste tipo de actividades formativas.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécese a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2023-2024, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

BIBLIOTECA

A Biblioteca da Facultade de Filoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información. As principais áreas de coñecemento representadas nos fondos da Biblioteca son: Filoloxía Española, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Portuguesa, Filoloxía italiana, Filoloxía Románica, Filoloxía Alemá, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Latina, Filoloxía Grega, Lingüística e Teoría da Literatura.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Os fondos bibliográficos da Biblioteca de Filoloxía están divididos en:

- Unha colección básica destinada ao estudo, composta principalmente, polas bibliografías recomendadas así como polos manuais de uso máis frecuente, os dicionarios e enciclopedias e os libros de lectura obrigatoria. Esta colección ten presuposto propio, está situada na Sala de Lectura da Biblioteca e é de acceso directo para todos os usuarios.
- Outra colección formada, principalmente, polas obras destinadas á docencia e investigación. Se adquiren co presuposto asignado nos orzamentos da BUSC e polos 2 fondos destinados á adquisicións bibliográficas dos proxectos de investigación e os presupostos dos departamentos. Esta colección está situada no andar -1 e o seu acceso está restrinxido ao persoal autorizado.

No andar 1 atópanse as publicacións periódicas, tanto en curso como canceladas, e o seu acceso é libre; no andar 2 atópanse a Sala de Investigadores coa Sección Reserva, a Cátedra Valente e a Cátedra Valle-Inclán. O acceso ás Cátedras está restrinxido.

As coleccións da Biblioteca, comprenden máis de 208.000 volumes de monografías e máis de 2.500 títulos de revistas, das que 114 están en curso de recepción. Conta tamén con importantes bases de datos: Acta Sanctorum, Brepolis, Linguistic on Language Behavior Abstracts (LLBA), Lion Literatura Online, Mirabile, MLA, Patrología Latina Database, Thesaurus Linguae Graecae (TLG) e Thesaurus Linguae Latinae (TLL).

Habería que destacar a importancia da biblioteca universitaria na formación académica, concibida como un espazo de aprendizaxe e onde o estudante atopa todas as ferramentas que vai manexar durante a súa vida universitaria e unha delas é a bibliografía recomendada. Estas bibliografías están formadas por todas aquelas obras que os profesores recomendan nas guías docentes das materias de grao e máster que se imparten na facultade. A biblioteca facilitará aos alumnos o acceso aos documentos ou literatura fundamental que necesiten.

Os programas das materias para o curso 2023-2024 foron aprobados en Xunta de Facultade e, a partir de aí, a biblioteca revisa estas materias e realiza unha selección de documentos de todo tipo, recomendados nas guías docentes, para proceder á adquisición das obras que non formen parte dos fondos da biblioteca, sobre todo no caso das bibliografías recomendadas.

O persoal da biblioteca da Facultade de Filoloxía consta de: 1 director, 7 auxiliares e 2 axudantes. O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos. En contraste, o persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación. Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido. Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI. A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos.

O resultado das enquisas propias da biblioteca, que recollen 75 respostas de persoas usuarias, amosan os seguintes resultados:

O 93% de persoas usuarias son estudantes de grao e un 95% destes utiliza habitualmente a biblioteca de filoloxía de xeito presencial. En xeral, as persoas usuarias están satisfeitas coas instalacións e co horario de apertura. De xeito xeral tamén consideran que a sinalización da biblioteca é adecuada. Un 76% destas persoas usuarias utilizan habitualmente o servizo de préstamo e están satisfeitas co propio servizo. Tamén consideran que na biblioteca atopan a bibliografía recomendada polo profesorado do grao e están satisfeitas coa información que se difunde a través das redes sociais. Hai que indicar neste sentido que a conta de Instagram da biblioteca é unha das máis seguidas e activas da facultade.

A pesar destes datos positivos, as persoas usuarias amosan o seu descontento xa que un 66% non coñece as actividades de extensión cultural promovidas pola propia biblioteca nin tampouco participaron, nun 61% nos cursos realizados pola propia biblioteca.

Sen dúbida, o valor máis satisfactorio destas enquisas é o que se refire ao persoal da biblioteca dado que a grande maioría, un 73%

Grao en Lingua e Literatura inglesas

das persoas usuarias, consideran positivamente a atención por parte do persoal.

PAT

No marco do PAT da Facultade de filoloxía organizáronse os seguintes eventos durante o curso 2023-2024:

- Sesión de benvida aos estudantes de grao de novo ingreso
- Sesión de benvida e orientación para estudantes de mestrados (por mestrado)
- Actos de recepción dos estudantes entrantes participantes en programas de mobilidade
- Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso
- Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG/TFM: Obradoiros
- Sesión informativa sobre as convocatorias de programas de mobilidade de estudantes
- Sesión informativa sobre o programa de prácticas externas para os estudantes dos títulos de grao da Facultade
- Cursos de formación en competencias en información organizados pola biblioteca
- Sesión informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos dos títulos de grao, para estudantes de 1º e 2º dos diferentes graos
- Sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudantado que está a cursar o último ano de Grao
- Participación no Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC (Área de Orientación Laboral e Emprego).
- Encontros con egresad@s. Camiños da Filoloxía
- Encontros con alumnado de cuarto (datas defensa TFG)
- Labores: Titorización do estudantado, horario de atención semanal. Participación nas xornadas de acollida na Facultade de Filoloxía.

O profesorado do GLLI tamén formou parte do programa 'Charlas Temáticas' e no programa de 'Encontros do Ensino Medio e da USC', que teñen lugar na facultade. Ademais, leváronse a cabo visitas a centros educativos por parte do Decanato para informar sobre as probas ABAU e os diferentes graos ofertados na nosa facultade.

GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

En xeral, o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese cos recursos materiais e servizos no curso 2023-2024 foi alto. Con respecto ao grao de satisfacción do alumnado, no informe da enquisa de satisfacción coa docencia recibida tanto a valoración dos **"Recursos didácticos empregados polo PDI"** (3,94) como a do **"Material de apoio"** (3,97) foron positivas, situándose en valores anteriores á emerxencia sanitaria e baixando con respecto aos cursos onde a docencia foi virtual. De novo, os resultados referentes aos recursos materiais e servizos do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación son máis baixos ca os anteriores, pero melloraron considerablemente os valores recollidos no curso anterior: os **recursos educativos** foron valorados cun 3,30 (2,46 en 2022-2023), **as infraestructuras e materiais dispoñibles** foron valorados cun 3,23 (3,24 en 2022-2023) e o **campus virtual** obtivo un 3,86 (3,68 en 2022-2023).

No caso do PDI, practicamente todos os valores son superiores ás valoracións feitas polos estudantes:

- o PDI valorou os **"Recursos educativos"** cun 4,16, inferior ao 4,37 do informe do curso 2022-2023
- o PDI valorou as **aulas e o seu equipamento** cun 4, tamén o valor do curso 2022-2023
- o PDI valorou o **campus virtual** cun 4,42, tamén o valor do curso 2022-2023

O PDI tamén manifestou un alto grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos na Enquisa de satisfacción coa docencia impartida, onde a valoración do **"Material e servizos de apoio á docencia da universidade"** foi de 4,31, lixeiramente superior que a valoración de 2022-2022 que fora 4,28.

O alumnado de Mobilidade entrante valorou cun 3,75 sobre 5 as infraestructuras da facultade, fronte ao 3,96 que é o valor xeral da USC.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da enquisa de satisfacción dos egresados serven de novo para confirmar o nivel de cumprimento dos criterios MECES, dado que este ano tal informe volve amosar resultados concretos para o GLLI, non só os resultados globais da USC sen desglosar os resultados por titulación, como ocorreu nos dous cursos anteriores. Estes resultados analizáronse no apartado 1.1 e complementáanse co amosado no apartado 7.2. Para evitar a repetición de información, convídase a consultar estes apartados. Tendo en conta estes resultados, podemos afirmar que se teñen acadado os resultados da aprendizaxe previstos na *Memoria de Verificación* e adecuados ao nivel MECES, algo que foi posible grazas á contribución decisiva das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións. Así o suxiren os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción e que se detallan no apartado 7.2 deste autoinforme.

ACTIVIDADES ACADÉMICAS, METODOLOXÍAS DOCENTES, SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Os programas das materias, suxeitos a renovación, revisión e aprobación anual como aparece reflectido nas actas das reunións da Comisión de Calidade, os Consellos de Departamento e as Xuntas de Facultade encargadas de tales labores, recollen a información relativa ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación de cada unha das materias.

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

A continuación, exporase o resultado dalgúns dos apartados correspondentes da *Memoria de Verificación* do título (Apartado 8.2: "Procedimiento general de la Universidad para valorar el progreso y los resultados del aprendizaje de los estudiantes") aos indicadores que a titulación, e a USC no seu conxunto, emprega para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes.

- **Taxa de rendemento:** sitúase no 76,10 para o curso 2023-2024, aumentando significativamente do 73,12 do curso 2022-2023.
- **Taxa de éxito:** sitúase no 84,93 para o curso 2023-2024, aumentando lixeiramente do 83,21 do curso 2022-2023.
- **Taxa de avaliación:** sitúase no 89,60 para o curso 2023-2024, aumentando lixeiramente do 87,86 do curso 2022-2023.
- **Taxa de graduación:** sitúase no 62,24 para o curso 2023-2024, baixando lixeiramente do 63,53 do curso 2022-2023.
- **Taxa de abandono durante o primeiro curso:** sitúase no 14,85 para o curso 2023-2024, aumentando de xeito exponencial do 11,49 do curso 2022-2023 pero situándose en valores similares aos anteriores da alerta sanitaria (15,38 para o curso 2028-2029).
- **Taxa de abandono RD 1393/2007:** sitúase no 17,35 para o curso 2023-2024, aumentando significativamente do 15,29 do curso 2022-2023 pero afastándose do 27,96 do curso anterior á alerta sanitaria do 2018-2029.
- **Taxa de éxito das e dos egresados:** sitúase no 92,42 para o curso 2023-2024, diminuíndo lixeiramente do 92,68 do curso 2022-

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2023 e situándose por enriba do 88,92 dos valores anteriores á alerta sanitaria do curso 2018-2019.

- **Taxa de idoneidade na graduación:** sitúase no 40,23 para o curso 2023-2024, aumentando lixeiramente do 39,80 do curso 2022-2023 e situándose tamén por enriba do 37,63 dos valores anteriores á alerta sanitaria do curso 2018-2019.

- **Taxa de eficiencia:** sitúase no 88,70 para o curso 2023-2024, diminuindo lixeiramente do 89,31 do curso 2022-2023 e manténdose estable aos valores anteriores á alerta sanitaria do 2018-2019 (88,89).

- **Duración media dos estudos:** sitúase no 4,96 para o curso 2023-2024, aumentando lixeiramente dos 4,73 do curso 2022-2023.

SEGUIMIENTO DOS RESULTADOS

Como se pode observar tanto nos sucesivos *Informes de Seguimento* da titulación coma nos *Informes de Renovación da Acreditación* do GLLI de 2015-2016 e 2021-2022, os indicadores dos resultados da aprendizaxe son escrupulosamente analizados anualmente e tidos en conta nun intento constante de perfeccionar o plan de estudos da titulación (para un seguimento dos resultados anteriores ao curso 2016-2017, véxase IRA GLLI 2015-2016 pp. 52-53; para o seguimento dos resultados entre 2016-2017 e 2021-2022, véxase IRA GLLI 2021-2022, pp. 103-104). A evolución das taxas de resultados no curso 2023-2024 confirma os efectos das medidas tomadas en cursos anteriores froito do seu seguimento.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se observou no CRITERIO 1.1 ao analizar o interese académico e a actualización da titulación, e no CRITERIO 1.4 ao analizar o perfil de ingreso, os indicadores de demanda da titulación seguen unha liña tendente á estabilización, e son incluso máis altos que os manifestados nas expectativas fixadas na *Memoria de Verificación*. Neste senso os indicadores amosan, por tanto, datos maioritariamente positivos:

- **Número de prazas ofertadas:** o número de prazas ofertadas no curso 2023-2024 foi de 100 (IN01G). A evolución positiva nos resultados da titulación confirma o acertado desta limitación.
- **Matrícula:** o número de estudantes matriculados no GLLI descendeu lixeiramente no curso 2023-2024, pasando de 462 en 2022-2023 a 459 en 2023-2024 (IN02G). Obsérvase unha evidente e lóxica tendencia á estabilidade no número de matriculados.
- **Matrícula de acceso:** obsérvase un lóxico descenso no número de matrícula de acceso, que se sitúa no 2023-2024 no 108, estabilizándose no número anterior á emerxencia sanitaria do 2018-2019 que se situaba no 107. Os datos seguen por tanto a confirmar que a demanda xustifica a oferta de prazas.
- **Matrícula de novo ingreso por preinscrición:** volveuse engadir este ítem no informe de indicadores para o 2023-2024, número que se sitúa no 106, aumentando dende o valor anterior á emerxencia sanitaria que se situaba en 99 para o curso 2018-2019.
- **Notas de acceso:** a nota media de acceso descendeu lixeiramente no curso 2023-2024, pasando de 10,07 en 2022-2023 a 9,91 para este curso, volvendo a valores anteriores á emerxencia sanitaria, cando a media era 9,83 para o curso 2018-2019.
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia:** a titulación mantén un moderado nivel de demanda entre estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia, como suxire a evolución destas porcentaxes. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados en 2023-2024 foi de 2,40% lixeiramente inferior á do curso 2022-2023 que fora de 2,60% (IN08G), mentres que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados foi de 1,96%, tamén lixeiramente por encima da porcentaxe de 2022-2023, que fora 1,52% (IN09G). Como xa suxerimos no apartado 1.1, entre os alumnos procedentes de Galicia é interesante subliñar a alta demanda asociada a poboacións máis próximas a outros centros universitarios onde se ofrecen estudos similares á titulación de GLLI.
- **Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas:** sitúase para o curso 2023-2024 no 95, baixando moi lixeiramente do 97 para o curso 2022-2023 pero manténdose por riba do valor previo á emerxencia sanitaria do 2018-2019, que se situaba no 83, o que segue a corroborar o alto nivel de demanda da titulación.
- **Taxa de ocupación:** a taxa de ocupación mantense con respecto ao curso anterior no 106 (IN12G).

RESULTADOS

Como xa foi manifestado e analizado no CRITERIO 6.1, os indicadores de resultados en xeral melloraron ou se estabilizaron con respecto ao último curso anterior á crise da COVID-19, e en xeral, concordan coas expectativas expresadas na *Memoria de Verificación*:

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- **A taxa de rendemento** aumentou con respecto ao curso anterior, pasando de 73,12 a 76,10 (IN34G)
- **A taxa de éxito** experimentou un aumento similar ao da taxa de rendemento no curso 2023-2024, pasando de 83,21 a 84,93 (IN35G)
- **A taxa de avaliación** pasou de 87,86 en 2022-2023 a 89,60 en 2023-2024, de xeito que aumentou tamén (IN36G)
- **A taxa de graduación** descendeu pasando de 63,53% en 2022-2023 a 62,24 en 2023-2024, pero aínda así resultou moi superior ás taxas rexistradas nos cursos anteriores á incidencia da COVID-19 (42,72% en 2017-2018 a 50,54% en 2018-2019) (IN37G)
- **A taxa de abandono durante o primeiro curso** ascendeu considerablemente no curso 2023-2024, pasando de 11,49% en 2022-2023 a 14,85 en 2023-2024 e situándose en valores similares aos 15,28 en 2018-2019, curso anterior á emerxencia sanitaria (IN40G)
- **A taxa de abandono RD 1393/2007** aumentou no curso 2023-2024 pasando de 15,29% en 2022-2023 a 17,35, pero aínda así mantense por debaixo dos valores dos cursos anteriores á incidencia da COVID-19: 29,13% en 2017-2018 a 27,96% en 2018-2019 (IN41G)
- **A duración media dos estudos** aumentou moi lixeiramente en 2023-2024 e pasou de 4,73 a 4,96, manténdose por enriba ao dato do último curso anterior á incidencia da COVID-19 (4,69 en 2018-2019) (IN38G)

INDICADORES DE RESULTADOS E ACCIÓNS DE MELLORA

Estes resultados son tidos en conta á hora de mellorar a posta en práctica do plan de estudos. Durante o curso 2023-2024 varias das taxas descendieron con respecto ao curso anterior, aínda que tal descenso se modera se comparamos os datos cos do curso 2018-2019, o último curso anterior á incidencia da COVID-19. Por este motivo, non se considera necesario establecer accións de mellora, pero si se recomenda prestar especial atención á evolución destas taxas nos vindeiros cursos por se se chegara a considerar necesario establecer accións de mellora no futuro.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA

Dunha maneira xeral, todos os valores cubertos polo estudantado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida é positivo, sendo todos eles maiores que os valores das enquisas do curso 2022-2023. É necesario destacar o incremento máis que significativo, incrementándose até o 51'58% de participación do 18,35% de participación do curso anterior, o que supón a maior participación no histórico de datos dende o curso 2018-2019. Posiblemente este incremento na participación vén dado polo feito que dende o Decanato animouse ao profesorado a destinar 10 minutos na clase para que o estudantado puidese cubrir estas enquisas, unha iniciativa que parece ter un moi bo resultado e que habería que manter neste e nos vindeiros cursos.

Todos os valores recollidos nestas enquisas de satisfacción coa docencia recibida se moven entre os 3 e os 4 puntos sobre 5, o que indica unha satisfacción global coa docencia recibida, que se sitúa no 3,96 para o curso 2023-2024 fronte ao 3,77 do curso anterior. Outros dos aspectos significativos destas enquisas son os seguintes:

- o aspecto **“Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia”** foi valorado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida cun 4,27. O aspecto **“Cumpre co programa e o plan de traballo previsto”** foi valorado cun 4,39. Os aspectos **“Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”** e **“Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos”** foron valorados no curso 2023-2024 cun 4,27 e 4,03 respectivamente, ambos valores superiores ao curso anterior;
- o ítem **“Motiva a participación crítica e activa”** obtivo en 2023-2024 unha valoración de 3,94, lixeiramente superior ao valor do curso anterior;
- o ítem **“Organiza ben as clases e explica con claridade favorecendo a comprensión da materia”** acadou en 2023-2024 unha valoración de 3,98 lixeiramente superior ao valor do curso 2022-2023, que foi de 3,83, e practicamente o mesmo que o valor do curso 2018-2019, que foi de 3,95

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- o ítem “**Propone actividades para favorecer mi aprendizaje autónomo**” obtivo en 2023-2024 unha valoración de 3,83, lixeiramente superior que a valoración obtida no curso anterior.

Con todo, o estudantado outorgou á maior puntuación a maior puntuación ao ítem “cumpre co programa e o plan de traballo previsto”, cun 4,39, e ao ítem “a/o docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos” foi o que acabou menor puntuación cun 3,80. Este último valor, sendo o que acadou a menor puntuación, tivo un resultado próximo ao 4 sobre 5, o que indica unha elevada satisfacción mesmo sendo a menor puntuación.

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN

No relativo á satisfacción do estudantado coa titulación, non todos os valores das enquisas do curso 2023-2024 son maiores que os do curso anterior, aínda que si o son a maioría. A **participación**, neste caso, non é sequer significativa para ter en conta estes resultados, xa que soamente un **7,37%** do estudantado participou na enquisa, baixando a taxa de participación do 11,64% do curso anterior. A **valoración global** que este 7,37% do estudantado fixo da titulación sitúase no **3,19 sobre 5**, subindo lixeiramente do 3,10 que obtivo esta valoración global no curso 2022-2023. Tendo estes datos de participación en conta, cómpre pensar en estratexias dende o Decanato para aumentar a participación nesta enquisa concreta, xa que a diferenza entre a porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción coa docencia recibida e este é moi significativa.

Entre algúns dos aspectos avaliados, o mellor valorado é o relativo aos **trámites de matriculación**, cun 3,90 sobre 5, baixando este valor lixeiramente do 4,05 do curso anterior. Por outro lado, o aspecto peor valorado foi o relativo á **carga de traballo** cun 2,53, baixando lixeiramente tamén con respecto ao 2,56 do curso anterior.

SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

O grao de satisfacción do estudantado saínte cos programas de mobilidade aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, situándose no 3,70 para o curso 2023-2024 en relación ao 3,56 do curso 2022-2023 (IN15G). Por primeira vez, avalíase a porcentaxe de estudantado egresado participante en programas de mobilidade saínte, que se sitúa no 38,89 para o curso 2023-2024.

No Informe da enquisa de satisfacción coas programas de mobilidade saínte correspondentes ao curso 2023-2024, as 7 persoas que responderon ás preguntas realizaron a estadía durante o terceiro ano do grao, agás unha que o fixo durante o cuarto. 5 destas persoas consideran que a duración da estadía foi axeitada e otorgáronlle un 4 sobre 5 de puntuación á súa experiencia ERASMUS. A puntuación dalgunhas das diferentes preguntas foi a seguinte:

- Calidade do persoal da institución de acollida: 4,5 sobre 5.
- Calidade dos cursos e o material proporcionado pola institución de acollida: 4,2 sobre 5.
- Utilidade dos coñecementos adquiridos: 4,2 sobre 5.
- Apoio da USC: 4,2 sobre 5.
- Apoio da responsable académica de mobilidade da facultade: 4,5 sobre 5.
- Apoio da coordinadora na USC: 3,8 sobre 5.
- Apoio da institución de acollida: 4,2 sobre 5.
- Apoio da coordinadora da institución de acollida: 3,8 sobre 5.
- Equipamento das aulas: 4,4 sobre 5.
- Acceso á biblioteca: 4 sobre 5.
- Acceso a internet: 3,7 sobre 5.
- Sentícheste só/soa durante a estadía?: 6 persoas responderon que ‘non’
- Como atopaches aloxamento? 4 persoas responderon que ‘pola súa conta’ e 3 a través da universidade de acollida.
- Que tipo de aloxamento atopaches? 5 persoas responderon que en aloxamento universitario e 2 en aloxamento non universitario.
- A canto ascendeu a túa bolsa por mes? 428,33 euros de media (unha persoa non respondeu)
- Tiñas outras fontes de axuda económica? Destaca a axuda familiar, o aforro propio e outras bolsas.
- Tiveches que traballar para pagar a estadía? 2 persoas responderon que traballaron antes de realizar a estadía

e outras 5 responderon que 'non'

- Tiveches que pagar taxas na institución de acollida? 2 persoas responderon que 'si' e outras 5 que 'non'.
- Consideras que os estudos recibidos foron de maior calidade da USC? 3 persoas consideran que foron 'de maior calidade', outras 3 'de menor calidade' e 1 'de calidade semellante'.
- Tiveches problemas durante a túa estadía como estudante de intercambio? 1 persoa respondeu que 'si' e 6 que 'non'.
- Recomendarías unha estadía de mobilidade? 7 persoas responderon que 'si'.
- Recomendarías a túa universidade de destino? 6 persoas responderon que 'si' e 1 que 'non'.
- Cres que facer unha estadía de mobilidade marca algunha diferenza con quen non a fai? 7 persoas responderon que 'si' e 1.
- Cres que habería que mellorar o importe das axudas? 7 persoas responderon que 'si'.
- Cres que habería que mellorar a información previa? 4,4 sobre 5.

SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS

A pesar deste aumento no número de participantes, a satisfacción do estudantado coas prácticas externas diminuíu considerablemente no curso 2023-2024, situándose nun 3,56 fronte ao 5 do curso anterior. Polo contrario, a satisfacción dos titores e titoras profesionais coas prácticas externas aumentou lixeiramente, situándose nun 4,51 para o curso 2023-2024 fronte ao 4,04 do curso anterior.

O estudantado participante nestas enquisas valora de xeito moi positivo aspectos como: a duración das prácticas, a atención recibida por parte da titora ou titor profesional e as actividades desenvolvidas nas prácticas, aínda que hai unha caída radical na valoración da atención prestada por parte da ou do titor académico, que pasa dun 5 a un 1.

Respondendo á necesidade de coñecer a satisfacción dos titores e titoras académicas coas prácticas externas, no curso 2023-2024 incluíuse un ítem para coñecer este grado de satisfacción, que se coloca no 4,87. En xeral, todos os ítems avaliados aproba cunha puntuación entre 4 e 5, sendo a pregunta "as competencias profesionais previas do alumno/a eran axeitadas para a praza ofertada" foi o ítem que recibiu un 3, desplomándose tamén do 4,5 do curso anterior.

Os centros de traballo e institucións que recibiron ao estudantado en prácticas tamén ten unha valoración positiva destas, situándose a puntuación entre un 4 e un 5 en todos os casos. O que si é significativo é un dos comentarios que explica que observa no estudantado unhas carencias importantes na súa formación docente, centrada en aspectos filolóxicos e non pedagóxicos. Este comentario posiblemente xustifique que o 25% das respostas suxire que non contrataría ao estudante en prácticas nin volverá a ofertar esta praza de prácticas.

SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

En canto á **satisfacción dos egresados coa titulación**, o resultado é case imperceptiblemente máis baixo ca o resultado anterior pasando de 3,54 en 2022-2023 a 3,53 en 2023-2024, como se desprende do Informe de satisfacción dos egresados (IN42G). Neste sentido, o estudantado amosa un incremento na porcentaxe relacionada coa satisfacción coa docencia recibida, situándose para o curso 2023-2024 no 4,04 con respecto ao 3,89 do curso 2022-2023. A porcentaxe máis alta deste ítem está relacionada á taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, situándose no 51,58 no curso 2023-2024 con respecto ao 18,35 do curso 2022-2023. Isto vén dado pola insistencia dende o Decanato da Facultade de Filoloxía de solicitar ao profesorado das diferentes materias a posibilidade de dedicar dez minutos de clase para que o estudantado complete as enquisas en horario lectivo. Esta medida foi trasladada dende a coordinación do GLLI ao diferente profesorado, medida na que se insistirá nos vindeiros cursos dado o éxito da mesma.

No informe da enquisa de satisfacción dos egresados correspondente a 2023-2024, chama a atención que soamente 11 persoas, das 74 convidadas, cubrisen a enquisa, o que implica unha taxa de participación do 14,86%. Nun rango de valoración de 1 a 5, a comunidade egresada considera cun 1, a nota máis baixa, que o traballo que está a realizar no momento de encher a enquisa está relacionado coa titulación cursada, sendo un 3,61 a media da USC, aínda que puntúan cunha media de 3,18 o feito de que consideran que a súa titulación é de utilidade para o mercado laboral. Obsérvase unha valoración desigual entre a media da formación teórica e a práctica. Por un lado, a formación teórica valórase cun 4,18, sendo a media da USC un 3,86. Sen embargo, a formación práctica

Grao en Lingua e Literatura inglesas

valórase cun 2,82, sendo a media da USC un 2,84. A valoración das e dos docentes do GLLI sitúase por enriba da media da USC, que é un 3,31, cun 3,40. A capacidade de análise sitúase cunha valoración co 3,82, sendo maior tamén que a media da USC, que é un 3,75. Non así se valora o traballo en equipo, que é dun 3,27 cando a valoración da USC é dun 3,32. O mesmo acontece coa capacidade de planificación, coordinación e organización, que é dun 3,55 cando a media da USC é dun 3,72. A creatividade acadada unha media maior no noso grao, un 3,27, fronte á media da USC, que é un 2,90.

De maneira xeral, as e os egresados do GLLI puntúan cun 3,36 a súa satisfacción xeral coa titulación e cun 3,09 a súa satisfacción coa USC, valores ambos que se sitúan por debaixo da media da USC, que son dun 3,52 para a satisfacción con outras titulacións e dun 3,24 para a USC. De xeito similar, as e os egresados do GLLI tamén consideran que a USC é unha universidade de prestixio cun 2,82, fronte ao 3,19 da media da universidade.

SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

A participación do profesorado do GLLI nesta enquisa sobre a satisfacción coa docencia impartida tamén baixou lixeiramente con respecto ao curso anterior, situándose no 46,62% fronte ao 47,73% do 2022-2023. A valoración global, sen embargo, é exactamente a mesma que a do curso anterior, manténdose nun 4,42.

Todos os valores se manteñen entre o 3 e o 4 sobre 5, sendo **“amósome accesible ao alumnado nas miñas clases e titorías”** o mellor valorado cun 4,94 sobre 5 e o relativo ao nivel **“co que chega o alumnado é suficiente para afrontar os contidos da materia”** o peor valorado cun 3,50. O resto dos valores son superiores aos do curso anterior, a non ser o relativo á **titorización de TFG/TFM**, cuxa valoración diminúe lixeiramente do 4,02 do curso anterior ao 3,93 deste curso e o relativo ao **nivel de comprensión do alumnado**, que pasa dun 4,01 a un 3,90 no curso 2023-2024. Hai algún outro ítem cuxo valor baixa tan lixeiramente que non parece supoñer un problema á hora de valoralo.

SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN

A **porcentaxe** de profesorado participante nesta enquisa referente á titulación é sorprendentemente maior que o participante na enquisa sobre a docencia impartida, situándose no **20%**. Cómpre preguntarse se hai algún motivo que xustifique esta diferenza e que vaia máis alá da dispoñibilidade de tempo do profesorado do GLLI para participar nestas enquisas durante o horario laboral. Nesta enquisa, tamén todos os valores se sitúan entre o 3 e o 4 sobre 5, sendo a **puntuación xeral un 4,04**.

Pese a que a maioría dos aspectos valorados tiveron unha puntuación lixeiramente superior durante o curso 2023-2024 con respecto ao curso 2022-2023, é necesario destacar que cinco foron os ítems cuxa valoración baixou lixeiramente:

- O relativo á **información sobre a titulación** obtivo un 4,25 fronte o 4,27 do curso anterior
- O relativo aos **recursos educativos** dispoñibles obtivo un 4,16 fronte ao 4,37 do curso anterior
- O relativo ás **aulas e equipamento** informático obtivo un 4 fronte ao 4,21 do curso anterior
- O relativo ao **Campus Virtual** obtivo un 4,42 fronte ao 4,67 do curso anterior
- O relativo aos **horarios** obtivo un 3,97 fronte ao 4,07 do curso anterior

Con todo, estas valoracións non parecen indicar un descontento por parte do profesorado, senón un lixeiro axuste nalgunhas das valoracións que non se considera dende esta coordinación como un problema a tratar.

SATISFACCIÓN DO PDI COAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Un 21,13% do PDI do GLLI participou en actividades de formación, sendo a porcentaxe máis alta de todos os graos pero situándose nuns valores baixos de maneira xeral. Do 44,09% de PDI que completou a enquisa de satisfacción, despréndese unha satisfacción xeral neste sentido, puntuada cun 4,59 sobre 5. Todos os valores desta enquisa sitúanse no 4 sobre 5, sendo os ítems **‘o proceso de inscrición e matrícula foi axeitado’** o que recibiu maior puntuación cun 4,71 sobre 5 e o ítem **‘a información previa do curso foi axeitada’** o que acadou menor puntuación cun 4,5 sobre 5. Disto despréndese que habería que fomentar a participación do PDI neste tipo de actividades, tan proveitosas para o persoal que participa, quizais a través de facilidades para poder compaxinar o labor docente e investigador co formativo.

SATISFACCIÓN DO PAS

Cun 50% de participación nas enquisas de satisfacción do PAS, en xeral puntúase cun 4 sobre 5 a satisfacción do persoal co seu traballo. Todos os valores desta enquisa sitúanse entre o 3 e o 4 sobre 5, sendo o ítem de 'a miña formación é importante para manter a calidade do traballo' o aspecto mellor valorado, o que xustifique tamén o bo resultado do apartado seguinte. Outros aspectos positivamente valorados coas maiores puntuacións foron: 'coñezo as miñas funcións e responsabilidades', 'sintome parte dun equipo de traballo', e 'o meu lugar de traballo é accesible'. Sen embargo, os valores que recibiron menor puntuación foron os seguintes: 'estou coordinado con outras unidades da universidade' e 'o meu lugar de traballo é seguro'. Estes resultados suxiren que o PAS está satisfeito co seu traballo.

SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Como se indicou no apartado 4.2, a taxa de participación da enquisa proporcionan os datos referidos á oferta de actividades formativas para o PAS foi do 54.54%. Neste sentido, todos os valores desta enquisa se sitúan entre o 7 e 8 sobre 10, sendo o 'número de alumnado axeitado' e as 'aulas e instalacións' os valores cunha puntuación máis alta (8,83 e 8,52 respectivamente), mentres que a 'información previa do curso' e o 'contido práctico' do mesmo recibiron as puntuacións menores (7,58 e 7,59 respectivamente). Con todo, parece obvio que o PAS síntese satisfeito de ter participado neste tipo de actividades formativas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Estes datos xa foron incluídos no apartado 1.1, onde se indicou que soamente o 9% das e dos egresados traballa por conta allea, 45,4% están a facer un mestrado e un 36,3% está a facer outro grao, deixando a un 9% noutras situacións. O 81% destes egresados que están a complementar os seus estudos o está a facer na propia USC, mentres que todas e todos aqueles que están a traballar levan menos de 3 meses no posto de traballo.

Grao en Lingua e Literatura inglesas

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

Grao en Lingua e Literatura inglesas

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501099_P.Ind_2023-2024
			2501099_INF.16_2023-2024
			2501099_INF.CiUG_2023-2024
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2501099_I2_2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501099_P.Ind_2023-2024
			5040_INF.03_2023-2024

Grao en Lingua e Literatura inglesas

2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	URL da USC
			URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501099_P.Ind_2023-2024
			2501099_INF.04_2023-2024
			5040_INF.05_2023-2024
			2501099_INF.06_2023-2024
			2501099_INF.07_2023-2024
			2501099_INF.08_2023-2024
			2501099_INF.09_2023-2024
			5040_INF.10_2023-2024
			5040_INF.11_2023-2024
			2501099_INF.13_2023-2024
			2501099_INF.14_2023-2024
			5040_INF.21_2023-2024
			2501099_INF.22_2023-2024

Grao en Lingua e Literatura inglesas

			2501099_INF.23_2023-2024
			2501099_Informe_de_indicadores_2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501099_P.Ind_2023-2024
			2501099_Informe_de_indicadores_2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501099_E15_2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501099_INF.13_2023-2024
			2501099_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual

Grao en Lingua e Literatura inglesas

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501099_INF.15_2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimientto - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501099_P.Ind_2023-2024
			2501099_INF.17_2023-2024
			2501099_INF.18_2023-2024
			2501099_INF.19_2023-2024
			2501099_INF_SIIU_2023-2024
			2501099_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501099_P.Ind_2023-2024
			2501099_INF.CiUG_2023-2024
			2501099_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501099_EIL-SIIU_2023-2024 2501099_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501099_P.Ind_2023-2024 2501099_Informe_de_indicadores_2023-2024 2501099_MedUSC_cursocelda

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**

AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Grao en Lingua e Literatura inglesas

- Plan de Melloras

- Abertas Curso 2024-2025

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

- Criterio 2 - Información e transparencia

- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

- [AM-04](#)

- Criterio 4 - Recursos humanos

- Criterio 5 - Recursos materiais

- [AM-03](#)

- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

- [AM-02](#)

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

- [AM-01](#)

- Outros Criterios

Grao en Lingua e Literatura inglesas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-01 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Manter a Acción de Mellora 1 do curso 2024/2025
Definición/ descrición proposta	Manter a Acción de Mellora 1 do curso 2024/2025 relativa aos encontros PDI e estudantado do GLLI durante o curso 2025/2026, cuxos resultados deron pé as Accións de Mellora que se listan a continuación.
Datas	Finalización: 01/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	María Alonso Alonso
Tarefa 1	AM-01.01
Descrición tarefa	Manter a Acción de Mellora 1 do curso 2024/2025 relativa aos encontros PDI e estudantado do GLLI durante o curso 2025/2026, cuxos resultados deron pé as Accións de Mellora que se listan a continuación.
Data prevista de finalización	01/05/2026
Responsable	María Alonso Alonso
Estado	Activa

Grao en Lingua e Literatura inglesas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-02 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Manter a Acción de Mellora 2 do curso 2024/2025
Definición/ descrición proposta	Manter a Acción de Mellora 2 do curso 2024/2025 relativa á necesidade de impulsar dinámicas de aprendizaxe autónoma no ámbito do GLLI e que se comparte co profesorado do grao nun documento anexo.
Datas	Finalización: 01/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	María Alonso Alonso
Tarefa 1	AM-02.01
Descrición tarefa	Manter a Acción de Mellora 2 do curso 2024/2025 relativa á necesidade de impulsar dinámicas de aprendizaxe autónoma no ámbito do GLLI e que se comparte co profesorado do grao nun documento anexo.
Data prevista de finalización	01/05/2026
Responsable	María Alonso Alonso
Estado	Activa

Grao en Lingua e Literatura inglesas

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-03 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Acción de Mellora 3: Contactar cos organismos competentes para facer as seguintes peticións
Definición/ descrición proposta	o Suxerir a elaboración dun protocolo de toma de conciencia, reflexión e reeducación con respecto ao uso de dispositivos electrónicos por parte do estudiantado destinado a aquelas materias onde o profesorado non permite a utilización dos mesmos. o Solicitar unha reformulación e definición específica da 'Normativa de avaliación do rendemento académico do estudiantado' do concepto de 'fraude académico' para que o profesorado saiba como reaccionar ante o mesmo e coñecer o andamiaxe legal que protexe ao profesorado por decisións tomadas ante a práctica de fraude académico por parte do estudiantado. o Solicitar unha versión máis actual do Moodle na que estea integrada TURNITIN no Campus Virtual co fin de acabar deste xeito cos problemas de seguridade nas probas de avaliación que se realizan a través do propio Campus Virtual. De acordo coa nova versión do Moodle, pódese impedir que o estudiantado saia da pantalla do exame para consultar outras pantallas ou documentos no seu propio ordenador.
Datas	Finalización: 01/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	María Alonso Alonso

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Tarefa 1	AM-03.01
Descrición tarefa	o Suxerir a elaboración dun protocolo de desintoxicación e reeducación con respecto ao uso de dispositivos electrónicos por parte do estudantado xa que se observa unha serie de condutas adictivas na aula que impiden en ocasións o correcto devir das clases. o Solicitar unha reformulación da 'Normativa de avaliación do rendemento académico do estudantado' para que o profesorado saiba como reaccionar ante o fraude académico e coñecer o andamiaxe legal que protexe ao profesorado por decisións tomadas ante a práctica de fraude académico por parte do estudantado. o Solicitar unha versión máis actual do Moodle na que estea integrada TURNITIN no Campus Virtual co fin de acabar deste xeito cos problemas de seguridade nas probas de avaliación que se realizan a través do propio Campus Virtual. De acordo coa nova versión do Moodle, pódese impedir que o estudantado saia da pantalla do exame para consultar outras pantallas ou documentos no seu propio ordenador.
Data prevista de finalización	01/05/2026
Responsable	María Alonso Alonso
Estado	Activa

Grao en Lingua e Literatura inglesas

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-04 (Curso 2024-2025)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Acción de Mellora 4: Crear un protocolo para discutir internamente entre o profesorado do GLLI as seguintes cuestións:
Definición/ descripción proposta	o Debatir como evitar o fraude académico en probas de avaliación continua e suxerir estratexias para evitar o uso fraudulento de aplicacións de intelixencia artificial nos traballos que o estudantado realiza fóra ou dentro da aula, en caso de que o profesorado non permita o uso deste tipo de aplicacións para os exercicios de avaliación. o Considerar a efectividade das probas de avaliación que se realizan a través do Campus Virtual xa que houbo queixas por parte do estudantado sobre unha serie de problemas técnicos que se deron en exames finais, así como polo uso fraudulento de tecnoloxía por parte de estudantado neste tipo de actividades de avaliación e que se poderían solventar coa posibilidade de utilizar a última versión de Moodle.
Datas	Finalización: 01/05/2026 ; Inicio: 01/09/2025
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	María Alonso Alonso
Tarefa 1	AM-04.01
Descrición tarefa	o Debatir como evitar o fraude académico en probas de avaliación continua e suxerir estratexias para evitar o uso fraudulento de aplicacións

Grao en Lingua e Literatura inglesas

	de intelixencia artificial nos traballos que o estudantado realiza fóra ou dentro da aula, en caso de que o profesorado non permita o uso deste tipo de aplicacións para os exercicios de avaliación. o Considerar a efectividade das probas de avaliación que se realizan a través do Campus Virtual xa que houbo queixas por parte do estudantado sobre unha serie de problemas técnicos que se deron en exames finais, así como polo uso fraudulento de tecnoloxía por parte de estudantado neste tipo de actividades de avaliación e que se poderían solventar coa posibilidade de utilizar a última versión de Moodle.
Data prevista de finalización	01/05/2026
Responsable	María Alonso Alonso
Estado	Activa